


Núm 112

Tomo 10

# RÓB





BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00
Número solto	0'70

NOTA

*Este boletín non publicará mais orixinas qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.*

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

TÓPICO NO PORTO, por F. BOUZA-BREY.  
ESMALTE CLOISONNÉ, por MARVIN CHANCEY ROSS.  
DA ALERMAÑA, por VICENTE RISCO (proseguimento).  
ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNGRÁFICO DE GALIZA.  
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, pol-a REDAICIÓN.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e todas crás de traballos tipográficos

Trasmitános os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47.2º

Vicente Risco

Abogado

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV      ★      Ourense 15 de Abril do 1933      ★      Núm. 112

## T Ó P I C O      N O      P O R T O

A Francisco F. del Riego.

Por F. BOUZA-BREY

«Ai, amor, ai, amor, ai, amor...»

Na amura o rapaz de abordo  
soletrea no escordeón.

O mar devala, devala...

Panos de limón do sol  
mándanlle adeuses á praia.

«Ai, amor, ai, amor, ai, amor...»

Un mariñeiro asañado  
mata ó longe unha canzón.


Cara á estrela da fartura  
arregala os ollos teijos  
o remador da falúa.

Bate o mar no corazón

lembrazas, saudade, mágoas...

«¡Ai, amor, ai, amor, ai, amor,  
ai sí!!..»

1933.



## O ESMALTE CLOISONNÉ DA CRÚS DE ALLARÍZ

Por MARVIN CHAUNCEY ROSS.

O arqueólogo Villaamil e Castro, no seu traballo encol da crus de vidro do convento de Santa Crara de Allariz, dixo que na base había unha serie de esmaltes, representando algúns santos i esceas da vida de Noso Señor (1). Na realidade trátase de unhas pinturas ao templo sóbor un fondo de ouro e atópanse baixo vidros. Ansi que Villaamil e Castro sen dúbida non poidera estudalas como debiera.

Entre istas pinturas, non embargante, hai unha ducia de entrepanos de esmalte «cloisonné» sóbor ouro, de moita importancia, pertescendo probablemente á un pequeno grupo de esmaltes semellantes e feitos en Paris no derradeiro do século XIII e comenzaos do XIV.

Istes fermosos esmaltes representan uns tallos con frores e follas de vide, sendo os seus cōres: branco mate, roxo, verde e turquesa. O fondo é traslúcido verde, centellante o reflexo dourado.

Taes esmaltes, vése ben, non foron feitos pra encher aqueles espacios. Apricáronse dous anacos en cada entrepano rectangular.

O encaixe ou xuntura do dibuxo, tallos e follas de vide, manifesta craramente, na sua posición alongada, outro diferente desenrollo. Isto nos fai conxeturar que os ditos esmaltes non foron feitos para o pé de esa crus, senón que deberon formar parte de un relicario, hoxe descoñecido.


Os ditos esmaltes, non embargante, parecen suxerir o esmalte bizantino, mais a semeanza é ben pouca. Téñase, pois, en conta que o esmalte «cloisonné» foi tamén fabricado en diferentes centros do Poñente, sendo Paris un dos más famosos pol-a sua técnica i-en tempo de Felipe o Fermoso.

Miss Joan Evans, (2) no estudo encol de unha tapadeira esmaltada en All Souls College, Oxford, asocia por primeira vez iste esmalte notabre cos do norte de França. Mr. Camille Enlart (3) despois nun traballo máis longo demostrou documentalmente que iste esmalte e outros de Paris foron feitos n-aquela cibdade nos finais do XIII e co-

(1) *Mobiliario Litúrgico de Galicia*, Madrid, 1907, pág. 125.

(2) «An Enamelled Lid at All Souls College, Oxford», *Proc. London Soc. Antiquaries*, 1917-18, XXX, pág. 92.

(3) C. Enlart, «L'Emajillerie Cloisonné à Paris sous Philippe-le-Bel», *Mons et Mems. Fond. Piot*, 1927-28.



menzos do XIV. Na Biblioteca Nacional de Paris descubrifu, antre outros anacos, pezas de esmalte, que poideron só haber procedido do relicario de San Luis. Iste é agora coñecido por un grabado e foi feito antre o 1297 e 1302 pol-o ourive Guillaume Julien, a quen Felipe o Fermoso ennobrecceu pol-a sua extraordinaria habilidade nos traballos do metal. Mr. Enlart crê que tanto o relicario do Santo Sangue, en Boulogne-sur-Mer, como a tapadeira de Oxford foron feitos probabremente pol-o mesmo Guillaume Julien. Os esmaltes de Allariz se asemellan tamén moi to á istes e, pol o tanto, deberon vir de Paris antre o ano 1300, e quizáis ate do taller de Guillaume Julien. O modelo da vide e os cōres, n-ises esmaltes, son eisactamente os

mesmos que os do exemplar de Oxford, como son tamén os cōres nos anacos do reliario de San Luis na Biblioteca Nacional de Paris.

Unha nota ou relación do século XVI das doacións da fundadora, a Raíña Dona Violante, ao convento de Santa Crara de Allariz, mencioa tres cruces de vidro, das quaes paresce ser un o exemplar do que falamos. A obra, dende logo, é posterior á data da morte da raíña Dona Violante no 1300; mais como os esmaltes viñeron de Paris e poíderon ser feitos nos finais do XIII, é posible que deberon pertencer á dita raíña, sendo doados pra sua capela por Dona Violante, quen manifestou moitas vegadas a sua devoción á Santa Crara de Allariz.

## D A A L E M A Ñ A

### V. MIUDEZAS DE BERLÍN

POR VICENTE RISCO

(*Proseguimento*)

#### ANTIGUIDADES

Se foran auténticas todal-as cousas antigas que se venden nas infindas tendas d'antiguidades que hai en Berlín —e somentes en Stressemannstrasse e por ali pol-os arredores do Museum für Völkerkunde, hai o demo d'elas, sen contar as moitismas que hai por outros lados— era cousa de pensar que non se perdeu nada do pasado, que non se carcomeu nen unha soila alaxe nen s'esnafrrou unha soila bacenilla, que todo se conserva, que todo ven dar eiqui, e non fican ja no mundo máis cousas antigas senón son estas.

Mais eu, que já m'adevertiron de como traballan os restauradores alemás, que sei d'abondo en col da falsificación d'antiguidades sen saber tanto qu'as poida distinguir doadamente, eu que cofrezo ao soado reloxeiro das Hermitas, émulo do de Yecla, me non estrevo a creer que todas elas señan verdadeiras.

Haber hai cousas ben lindas en mobles, fayenzas, armas, joias, cadros, gravuras, marfims, tallas en madeira, arte popular, damascos, bordados, encaixes, cadriños en papel recortado co-as tesouras, miniaturas, eu que sei. Cada tenda é un museu en desorde, ás veces artístico, coma n-un estudo de pintor do século pasado. O pior é que, com'o diñeiro anda tan mal repartido n-iste mundo —mais por culpas da igualdade que da desigualdade— resulta qu'as más d'estas caixas de rapé, abanos d'anacre, floreiros de porceláa, contícupias, pendentives, armas e estanquios de marfil orientais, han ir parar á malas maus.

As veces, no fondo da tenda, movéndose no pequeno espazo que deixan as preciosidades ali acuguladas, aborrecida d'ollar o tempo dend'atrás das cristaleiras, cando non hai parroquia, anda unha muller, páleada do manipulexo dos oujetos poeirentos e de se ter ollado nos espellos de lúas mortas. S'e

entrara ali, e ela viñera inquiril-o meu desejo, eu habíalle responder com'éstá mandado pol-a tradición, pra conqueril-o tesouro, agora que s'apresentaba a ocasión de probal-a fórmula consagrada:

—Gústam'a tendida, e más a señorña.

## ORIENTALIA

Dito está qu'o Oriente encomenza e fica alén da Friedrichstrasse, para o Leste. Na Friedrichstrasse hai já tendas de couzas slavas: teas charramangueiras, tallas en pau, traballos en coiro, en metal, lindas camisas brancas bordadas de coores. Tendas d'emigrados rusos, afugentados pol-a ditadura comunista, algúns dos cales andan pol a rua co-as suas blusas de seda marela, rosa, azul paledo, garnidas de fitas bordadas; tendas de húngaros, de servios, de chekos, couzas d'Ukrania, Rumania, Bessarabia, Transilvania, Polonia, Macedonia, Albania, etc. En suma, da outra Europa.

Outra Europa? Ou Oriente? Ou a verdadeira Europa da que nós non somos más qu'o reborde marítimo?

• *Tierras de Europa, girones de la Eurasia*  
[súa...\*]

Certamente: Primitivo Sanjurjo ten razón; a Eurasia, a Eurasia. Veleiqui está: é na Friedrichstrasse onde encomenzan os esgazamentos, esgazamento báltico, esgazamento nórdico, esgazamento mediterráneo. Certo, certo. A cultura oucidental está justaposta, apegada, parasitariamente, a un macizo de culturas e preculturas asiáticas. É a hedra

## NEVE KUNST

ESTÁBAMOS já convencidos de qu'a Alemaña que todos levamos no curazón áchase ausente de Berlin. A nosa Alemaña non é já más qu'unha lembranza apegada ainda ao terrón d'algunhas vilas antergas e d'algúns vales das montañas do Sul.

Precuremos, logo, a contextura moral e ideológica da nova Alemaña, atal e coma se nos apresenta n-iste Berlin por ond'andamos.

agarrada a un carballo; agora a hedra seca, e o carballo...

Para alén da Friedrichstrasse vin tamén tendas hebraicas. As túneas negras, os echarpes brancos e negros pra os Rabinos, e os seus bonetes; os eixemprares antigos do Talmud de Babilonia e do Talmud de Hienisalem, dos Targums, dos teólogos da Synagoga, dend'as vellas escolas de Sura e Pumbadita, ate Manasse ben Israel, os sionistas e os mendelsoherianos; as gravuras en aceiro, en madeira, en litografía dos grandes homes do judaísmo; os candieiros de sete brazos; os altariños domésticos de cartón co-a image das Táboas da Lei e da Arca do Testamento; ainda o Oriente, o Oriente mágico da Thora, da Michna e da Kabalah, dos Cohen e dos Kadosh. Tendas escuras con tendeiro barbudo e con cheiro asiático a corpo humano, a cera e a algo que semella sándalo.

O Oriente más estremo atopámolo nos quarteis oucidentais, en Charlottenburg, misturado á vida moderna. Hai tendas chinas e japonesas na Kurfürstendamm, mais por riba de todo, na Kantstrasse, onde despachan señores rasurados con antiparras que falan co s, que venden preciosos kimonos bordados, pijamas de muller, frabicación moderna, abanos, marfims, lacas, porcelás, bronces, estampas, parasones, armas; todo do sobradamente coñecido, reproducido, imitado hai já tempo na Europa. Algo menos o son os pauciños perfumados pra queimar, cos que tanto cursi se pode precural-a emoción d'un Oriente ollado nos lenzos brancos da Ufa.

## VI. IDEIAS DE BERLIN

E imos, primeiro de nada, precural-a y-alma da nova Alemaña, atal e coma s'espresa na arquitectura. Cada día más, a arquitectura é o simbolo más craro da y-alma dos pobos. Cand'a estrutura da casa cámbea, é qu'a y-alma do pobo trocou ou virouse, pr'a vida ou pr'a morte.

A vella Alemaña, pol-o menos eiqui en Berlin, desaparez baixo d'un dioibo de cémento, buixo da arquitectura babólica do que chaman mundo novo. Refirome especialmen-

te á arquitectura novisema, ao que chaman *Neue Kunst*, arte nova. En Charlottenburg hai rúas inteiras do estilo penúltimo, d'enantes da guerra. Casas de cemento ou untadas de cemento enmourecedo, d'unha fealdade, no conjunto, na disposición e nos detalles, que pon verdadeiro medo. É un jogo de balcóns macizos, d'entrantes e saíntes, d'adornos e de couzas, d'un efecto espantoso. Gusto ruín e mazacote que custa traballo creelo s'un nono houbera visto. Todo o que teñen escrito os aliadófilos durante a guerra, en col do gusto pesado e torpe dos alemás, debe d'estar fundado no estudo d'estas casas.

A arquitectura nova non é d'ise xeito. Non somentes non é rematadamente feia, senón que moitas veces é perfeitamente razoábele e comprensible; moitas veces perfeitamente natural; moitas veces é, ou semella ser, o desenvolvemento lóxico da arquitectura nacional antiga; de cote ten certo caraute nacional, é sempre alemana, e semella non poder ser d'outra terra. Vese que é debida á unha evolución interna, verificada *in situ*.

O simbolismo d'esta arquitectura pende en qu'está concebida *en horizontes*. O raiaceos norteamericán está, pol-a contra, concebido *en vertical*, com'a antiga Torre de Babel; ésta non: ten o senso horizontal da estepa, a estensión no plano. D'iste xeito, Norte América resulta cousa atrasada: é o grande, a megalomanía concebida ao modo antigo, en antigos moldes; o raiaceos pode ser góticu, Renacemento, clásico, é agora moitas veces asirio —signo de babelismo—, lembra campaniles italiáns, torres nórdicas, giralda de Sevilla, etc. O raiaceos é babélico, megalómano, industrial, mais ainda s'apoya en lembranzas coñecidas pra erguer ao ceo a bárbara soberbia de Nemrod.

Isto non. Isto é todo ao modo moderno. É horizontal; din algúns que con senso da velocidade —casas que semellan vagós do tren, carros eléctricos, autobuses— representan cecais o desexo de s'embarcar dicindo adiós ao pasado.

S'hei dicir verdade, a min non me deu tanto esta impresión de viage, a nova arquitectura. Cicais os que o din se deixen levar demais da pantesía, e tamén pode ser que, se tal foi a intención dos arquitectos, nona lo-

graron ben de todo. O certo é que nada pode ser más oposto á idea da viage qu'a arquitectura. Un edifizo, unha casa, faise pra estar no seu sitio. Unha casa que s'asemelle á un vagón do tren —algunhas hai n'Alemaña— os que viven nela teñen por forza que volverse tollos aixiña, e d'aquela, pr'onde embarcaron non foi pra o futuro, senón pra o manicomio, se é qu'o manicomio non é o futuro d'esta humanidade, ja que ao manicomio é aonde adoita levar a megalomanía.

Mais a maior parte das casas d'estilo moderno qu'eu vin, me non deron a impresión esa. Parecéronme, pol-a contra, racionais d'abondo. O que me deron foi a idea d'estensión, d'aplanamento, de rente ao chao. O tentacularismo por unha banda, e pol-a outra, a nova cultura rusa profetizada por Spengler, a cultura da chaira, do rente ao chao do igualitarismo. A cultura d'unha alma esmagada, unha alma á ras da terra, deprimida, enana, incapaz de verticalidade: o que sería unha cultura marxista. Mais é qu'esta cultura nascería já afecutada de senilidade, nascería já co fado da expansión, atributo, según recollece o mesmo Spengler, das civilizacións, ou seña das decadenzas; nascería s'a sua esencia era a expansión, con incapacidade de concentración criadora, sen vida interior, sería já senil e decadente dend'a sua nascencia, porqu'esgotándose na expansión, non tería forzas pra criar.

Conscientemente ou non, estas casas semellan responder á idea marxista: igualdade, nivelación, depresión do espírito, afogamento da iniciativa, solagamento da persoalidade no abstracto coleitivo. A liña horizontal niveladora, esmagadora, rígida, o ideal do cuartel, da caserna e do presidio apricado á vida inteira.

A liña horizontal márcase, acentúase, repite, impõe con insistenza. A fachada dispõe en bandas horizontais superpostas, unha con finestras, outra sen elas alternadamente, e ainda, por se non estaban ben indicadas, póñenlas alternadamente de coor diferente: gris e ocre escuro, ocre craro e bermeño, cemento e ladrillo, etc. O caso é que se marquen ben. Logo, as finestras son baixas e apaisadas, ou tenden á forma apaisada. As portas son baixas; os teitos ta-

mén. Agora din que non compren teitos ou-  
tos pra que haxa máis volume de ar nas cá-  
maras, qu'o que compre é qu'estas sean am-  
plias: é dicir, a estensión en horizontal.

Isto ten precedentes na vella arquitectura  
alemana co-as bandas dos saedizos e as fe-  
nestras de meio corpo dispostas en riola,  
moi juntas. E cecais seña a infuencia da chaire,  
o qual darialle a razón a Spengler, que  
pra mi, tena sen discusión posibele. Mais é  
qu'agora na arte nova acentúase d'un geito  
alarmante, e agora non aparez compensado  
cos piñóns e os tellados pinos.

Estas casas son, ademais de fachada inteira-  
mente lisa e sen adorno ningún; todas son  
superficies planas, tan eisageradamente sim-  
ples, tan friamente ispidas, qu'indican ben a  
sordidez do espírito dos arquitectos e dos donos.  
Millor sería dicir a sordidez do noso  
tempo. Tempo d'almas rasuradas e triste-  
ras.

Non se pode dicir de todos istes edifizos  
que señan feios. Hainos que si o son, cando  
n-iles intervíu a pantesia pervertida pol-o  
romantismo industrialista, ou cando s'impuxo  
n-iles un utilitarismo asañado. E ja que  
falamos de romantismo industrialista, com-  
pre qu'insistimos n-elo enantes de pasar  
adiante. A proba de que hai un romantismo  
industrialista, dánola o futurismo italiano, que  
non foi outra cousa, e que se semella morto,  
nono está de todo, nem com'espresión artis-  
teca, nem menos ainda coma mentalidade di-  
fusa, non já na Italia, senon en todo o ámpio-  
to da civilización suramericana. Iste concei-  
to toca na entrana do romantismo, e imprica-  
ría unha definición d'iste. Mais sendo iste un  
movemento e unha aitude vital, non hai  
modo d'o delinfirmos, pol-a sua fonda e rica  
complexidade. Podemos falar, non embar-  
gante, d'un romantismo industrial, entendendo  
o romantismo com'un geito de sintil as  
cousas; tamén com'unha posición irracionalista.  
Non colle dúbida de qu'o futurismo é  
unha cousa d'iste geito: unha sorte d'idealismo  
istintivo, intuitivo, contrarracional. (Da  
contradicción interior do futurismo, falei já no  
meu ensaio: *Do futurismo e más do Karma*  
publicado no número 34 de NOS). Mais tamén  
podemos consideral-o romantismo com'  
unha tendenza á fugir do presente, com'unha

escapada, unha evasión. (Marcello-Fabri).  
D'iste geito o romantismo histórico propria-  
mente dito, en tanto é unha fugida cara ó  
pasado (Spengler) é unha forma románteca  
normal; namentras qu'o futurismo, querendo  
fuxir da actualidade, acóllese á un determinado  
sector da actualidade, o sector industrial, ou seña maquinista, co cal é un roman-  
tismo desviado, e imposibilitase o futuro — o  
futuro, que é por esencia unha noción valci-  
ra, qu'il quer encher, c'unha parte do que  
hai hoxe — porque ademais, quixera criar  
somentes n-un senso, que precisamente, se-  
mella o más ameazado d'esgotamento.

O romantismo industrial ou mecanista, cuia  
expresión ideológica suprema está no con-  
ceito trasnoitado e vulgar do progreso, com-  
partido por todolos semicultos civilizados,  
fai o criador do radioescoitismo, da cencia de Flammarion, da literatura de Verne, de  
Wells e do Coronel Ignatius, dos telegramas  
postos ao planeta Marte, e da oratoria do  
Conselheiro Pinto Porto, d'Eça de Queiroz,  
cando dicia: «Quem não admirará os pro-  
gressos de este século?» Ouh, os progressos  
d'iste século! Logo imos lograr a comunica-  
ción con Marte, sobre todo, se hai quen s'a-  
rrisque á ir aló pra deprender aos marcianos  
o significado dos señás lumiosos que lle faga-  
mos dend'a terra; anque millor estaría que  
primeiro viñera eiqui un d'iles pra lle de-  
prender o idioma marciano ao que lle vaia  
deprender á iles o dos señás lumiosos... Ve-  
leiqui o romantismo industrial.

O romantismo industrial foi o que fixo er-  
guer os edifizios que semellan carros elétri-  
cos e vagós do tren, as torres de ferro e cris-  
tal, etc.

Mais, já digo; non todolos edifizios de novo  
estilo son feios. Hainos positivamente  
fermosos, especialmente casas pra vivir.  
Sono cando conservan a estrutura e o senso  
da casa, principalmente. O qu'acontez é qu'a  
sua beleza reside na sua singeleza — especia-  
lmente, por contraste cos edifizios d'estilo  
penúltimo — e no seu acomodamento á fun-  
ción que han vencer. Querse dicir que é unha  
beleza tinguida d'utilitarismo. A beleza  
da geometría pura, más ainda, d'unha geo-  
metría tan elemental, que descoñece caxe-  
qu'a liña curva e o ángulo de más e de me-

nos de 90 grados, ten por forza que ser moi limitada, nunca pode pasar d'un llindeiro, nunca pode chegar á dar unha impresión fonda. O asentimento que lle damos, non pode pasar de simple aprobanza; diante d'unha d'elas, o máis que podemos dicir é qu'está ben, que é curiosa, que pode pasar...

Estas casas son, fora da sua beleza, fealdade ou indifrencia, craras, sans, cómodas e folgadas. Nelas vivese ben. As portiñas teñen un simpático feitío rural: as platabandas de ferraya diante, alegran os ollos. Logo, s'adentro a moblaxe, sendo de feitío moderno, conserva o confort tradizional —malas, foles, almofadas, respaldos deitados pra trás, asentos moi fondos, cortinaxes, leitos acochados, etc., com'ainda s'ollan nos almacés e nos catálogos das grandes casas —d'aquela, vai ben a cousa. Ora, se son d'ises móbiles clínicos: mesas d'aceiro e cristal, propias pra laboratorio, cadeiras d'aceiro curvado con asento de lona, propias pra intervencións quirúrgicas, s'a moblaxe é d'estilo médica, d'estilo higiénico, antiséptico e profiláctico, entón si que nos metemos de patulas no camiño morto, no erro sen saída do pseudoutilitarismo, no mecanicismo Le Corbusier, e já é inútil agardar máis.

Coma que, veleiqui está; eu andáballe dando voltas, e eiqui temos a solución: o estilo d'estas casas —e d'istes móbiles que ca-san co-elas— é o estilo *Krankenhaus*, o estilo de sanatorio. O sanatorio —ou o manicomio— é o seu modelo. Tiña que ser así; estamos n-un tempo de teocracia, non de teocracia religiosa, non de teocracia espiritualista, senón de teocracia materialista, de teocracia médica. Os médicos imponen a sua influenza polos mesmos medios, utilizando os mesmos terrores misteriosos que certos sacerdocios primitivos. O *chamán* da Siberia impõe ás tribus boreás co medo dos espíritos; o médico moderno impõe ás sociedades urbanas da zona temperada do Norte, co medo dos microbios. E imponen as suas normas e o seu estilo.

Ademais, compre considerar as causas: aumento das psicopatías, aumento dos suicídios, baixa dos nacementos, baixa do index de robustez fisica, inmoralismo, afán de gozar, narcóticos, estupefacientes, etc. Que

ten d'estrano qu'as casas dos homes de estas sociedades s'imiten aos sanatorios?

#### AMERICANISMO

Dixemos que Norte América resulta cousa atrasada e qu'o seu símbolo arquitectónico, o raihaceos, semella ter un senso de tradición eiqui superada. Non embargante, os alemás que concebiron esta arte nova tan diferente, viven n-un pasmo admirativo cara Norte América. É qu'os yankis, co seu senso social anticuado, foron os seus vencedores na guerra e son hoxe os seus colonizadores industriais. Dixeronme qu'o 70 por 100 do capital alemán está nas maus dos norteamericanos.

Eiqui admirase a potenza económica americana d'un xeito sen llindeiro. América —a América do dólar— ocupa unha gran parte das bibliotecas, das revistas, dos xornais ilustrados e sen ilustrar. É unha ademiración qu'encobre a genreira. Genreira xorda, emulación, enveja.

Eu penso qu'os alemás son superiores aos yankis. Todolos alemás o pensan; mais non todos o sinten. Espiccareime. Iles saben qu'a sua superioridade é mental e espiritual; mais saben tamén qu'estamos n-un tempo en qu'os valores mentais e espirituais teñen que ceder diante dos valores económicos. Os valores económicos, no noso mundo moderno, son os que premiten realizar a *vontade de potenza*. E já se sabe que foi un alemán, Federico Nietzsche, o herdeiro do gran tempo da filosofía alemáa o que puxo coma sentimento humano fundamental a vontade de potenza. Vontade de potenza realizada foi a Prusia dend'o duque Alberto deca Guillermo II; vontade de potenza foi o imperio bismarckiano. Outrora, a potenza afirmábase con baionetas; hoxe afirmase con cheques. A potenza é o principal. Nisto están conformes todolos alemás, dend'o *Stahlhelm*, os spartakistas. O primado do económico, nos marxistas, é o envolvente teórico; un marxista alemán, o qu'arela é a dominación da clase traballadora. Todos son nietzscheanos. Nietzsche odiaba o socialismo; mais o socialismo profillouno, volvélolle ben por mal. Hoxe n'Alemaña, gracias ás edicións económicas

micas, ata as criadas de servir lén o *Zarathustra*, e d'iste xeito, a sociedad ínteira vaise pondo alén do ben e do mal. Nietzsche foi partidario da hierarquía, mais foi importante pra impedir qu'a sua doutrina se democratizara, millor ainda, se socialdemocratizara. Beben na copa de Nietzsche e na copa de Marx, e embebédanse co-ista mistura tósiga. Combinan a vontade de potenza co-a igualdade. Nietzsche escribeu pra os hiperbóreos, mais agora já todos ascenderon á hiperbóreos. Il pensou que nono iban comprender, e compréndeno todos. Pra comprehendelo, cumpria ter corage; mais quen non ten corage, hox'endia, co doado que resulta tela? Tamén a corage intelectual está democratizada. O que é difícil é ter honradeza, qu'o que é corage, tena calquera, non quedando en pé coma non queda, ningún prejuizo. Nen xiquera o da honra. Que tragedia, querido Fritz, onda viñeches dar!

De todal-as maneiras, o materialismo histórico non sai moi ben parado d'iste choyo.

Tampouco esprica o materialismo histórico a arela de costruccións e de creacións colosales —*kolossal*, com'escribían os aliadófilos durant'a guerra — que por unha banda expresan a vontade de potenza, especialmente en canto vencimento e dominio da natureza, e pol-a outra o afán de pasmar á gente. E o afán de chegar onda ningúen chegara, de facer más que ninguén fixera, de superar, d'ultrapasar, de sobrepujar, de batir o *record*. Arela específicamente americana. Arela deportiva, de jogo, de mera ostentación, de chulería, sen utilidade, sen practicismo, cumpridamente desviada do materialismo histórico, e que se sole exercer n'aquelhas aitividades nas qu'o materialismo histórico millor se poidera probar, se fora susceptíbel de probanza o que non é certo. É outra forma do romanticismo industrial. Facer más que ninguén; mais por riba de todo, mais qu'os norteamericanos. Veleiquí un ideal da nova Alemaña. Megalomanía, babelismo millor, pra que se m'entenda: torrebabelismo, ainda a bárbara soberbia de Nemrod. E eiquí hai unha cousa importante, que debeu influir nas ideias de Roberte Hugo Benson: Nemrod, sendo *un home*, foi o primeiro ídolo adourado polos homes, coñecido des-

pois cos nomes de Bel, Baal, Baalin e Beiphégor, polas estautas que il'ergueu seu fillo Nino, fundador da Monarquía dos Assírios. E a suma idolatria, cuio advento anuncia já o culto de Lenin en Moscou, convertindo a sua tumba en lugar de pelerinaxe —contra Sant'Iago, Moscou— ha ser coma no tempo de Nemrod, a adoración do Home, asegún a frase da Serpente do Paraíso:

— Sereedes semellante á II.

Anque somentes o podan ser en simulacro e caricatura.

Megalomanía, ou o seu equivalente: mesquindade. Mesquindade, n-efeito: o mesmo espírito da señora burguesa que quer levar un vestido millor qu'o da veciña.

O americanismo alemán nótase tamén no vestido. Enantes o alemán era un señor teso e encartonado, con prendas de corte militar e a faldra da camisa almidoada. Levaban aquiles colos dereitos, de duas quartas d'ouro, tesos e duros que cingüfan o pescozo e congestionaban a face, a bimba dura com'un casco, os antellos sen aro nem fita, os gabás en forma de tubo, escuros e seguidos cáxeque deixa os pés. Agora levan chapeu de grande ala, camisa sen almidón, de colo escotado, antellos de cuncha, calzón curto e gabán á moda. Já saben vistir de peisano, andar en mangas de camisa e declarárense en quiebra. Ata deprenderon o inglés d'álén Atlántico.

Non hai dúbida: s'os norteamericanos souperon marchar de Washington á Ford, os alemás souperon marchar de Kant á Stines.

#### MARXISMO

O termo marxismo é o más axeitado pra comprender todal-as doutrinas antisociais ou hipersociais, dend'o revisionismo de Bernstein, pasando pol-a socialdemocracia, deixa o comunismo más ou menos slavizante ou pseudoslavizante. No fondo, tanto ten unha cousa com'a outra. Non hai, antr'asas doutrinas unha diferenza esencial. Todas van ao mesmo.

O marxismo é unha fé universalmente compartida ou tolerada n'Alemaña. Non hai más que duas forzas que se ll'oposan, ata

certo punto: o catolicismo — que na sua derivanza politeca ten que tolerar e ainda colaborar cos marxistas — e o nazionalsocialismo que se li'opón en certa forma nada máis.

A colaboración cos marxistas é pra min o úñeco lixo do catolicismo alemán, anque por outra banda seña — téñoo que recoñocer e admirar — un outisemo eixempro de sacrificio pol-a Patria, diante do qual temos que baixal-a cabeza. O nazionalsocialismo é antimarxista dend'a oposición; non sabemos s'o podería ser igual o día que gobernará.

Alemaña está saturada de marxismo. O marxismo eiqui já manda, goberna, instúrgese, revolve, coaccióa, chantagea, propágase, adoutriña, educa, enseña, socializa, poetiza, centífiza, esplana, presuposta, edita, pubrica, mina, fura, desfai, impõe, domiña e señorea. Non sei se non terá chegado já ao máisimo da sua curva ascendente; é de temer pra il que sí, e probe da Alemaña s'así non é. Crer'está que fican aleixadas d'il partes considerábeles da sociedade — nobres, nacionais, moitos capitalistas, militares, católicos, gran parte da clás meia, profesores e elemento universitario e intelectual etc., — e qu'estas partes da sociedade non se mellan tan resñadas coma n-outros lados. Non embargante, coido qu'ainda trunfando n-Alemaña a contrarrevolución, pol-o momento había deixar moito do marxismo sub-sistente; anque tamén digo que, dadas circunstancias favorábeles, había ser eiqui o úñeco país onde s'estreveran á non deixar d'il nen a punta do rabo.

O marxismo é unha fé. A doutrina marxista está refutada por inteiro dend'a sua aparición, refutada e desfeita de tal xeito que d'ela non se pode salvar máis qu'apenas unhas cantas ideias da critica que fai do sistema capitalista — é tender iste a producir escrusivamente mercancía, por eixempro; o qual é máis ben que do capitalismo, do sistema de frábica e de máquinas, qu'o marxismo non se propón destruir, senón estender e desenrolar—. E non embargante, a gente sigue creendo n'il. Creen pol-a fé. Os socialistas saben ben isto, e por iso non soñen defender o marxismo dos ataques dos seus nemigos; saben qu'a istes nonos han convençer, e entón limitan a sua propaganda á gen-

## NÓS

te ignorante ou aos já convencidos. E teñen un xeito pra conseguilo infalible: repetir. Non porfian, afírman. Repiten, afírman a mesma cousa un dia e outro día. Tampouco se matan moito a cabeza á discutiren. Repiten caxequé sempre os mesmos argumentos sofisticos do mestre; o máis que fan é illos apricando aos asuntos que s'andan debatindo no momento. *Das Kapital* é o seu Korán que non pode ser discutido, por qu'é infalible. Sobril somentes poden falar os intérpretes, os ulemas do socialismo. Sabida é a consideración de que gozan no mundo socialista — coma no caso de Mahoma — os primeiros compañoiros do Profeta, coma Engels e ainda os seus parentes. Ata se dá a casualidade de haber un genro de Marx, Paul Lafargue, gran figura autorizada do socialismo, coma Ali, o genro de Mahoma, no Islam. Se semita era Mahoma, semita era Marx.

D'eiquí a miña sospeita de s'o marxismo non será suscitado pol-o instinto de vinganza da raza judaica, se non será, en certo xeito, unha sorte de resposta ao antigo semitismo. Isto verémo despois.

O marxismo é unha fé, e esta fé mantense d'un sentimento. Iste sentimento é a genreira, senón justa, justificada en moitos casos, en todo caso natural e lóxica coñecida a natureza humán, dos d'embaixo aos d'enriba; a enveja do que non ten ao que ten, do que non pode ao que pode, do que non sabe ao que sabe. Esta enveja, esta genreira, é pouco máis menos de todolos tempos e de todolos lugares. É o que chamou Nietzsche o *odio dos tchandala*, dos parias. A revolta d'istes tampouco é ningunha cousa nova na historia; a revolución social non é ningún invento do noso tempo; repítense con certa periodicidade. O qu'acontez agora, e cecais aconteceu tamén n-outros tempos, é qu'a revolta prodúcese contra unha clás domiñante, qu'en geral, non aparez dotada de ningunha superioridade realmente respeitábele. Prodúcese contra da clás capitalista que, surdida do *tiers état*, empoleirouse choutando por riba d'iste e deixando abaxo á sua millor parte, ou seña, á que se tiña convertido en clás intelectual, e qu'a clás capitalista colleu unhas veces ao seu servizo, protegeu outras dend'a sua outura e caxequ'a xeito d'esmola,

e dispreciou outras moitas. A revolta prodúcese hoxe contra d'unha timocracia, contra d'unha plutocracia, cuia úneca superioridade, polo menos así á vista, semella ser a do diñeiro, e que non ten unha base natural ond'acimental-o seu prestigio. As aristocracias do sangue poseen un prestigio natural; a gente istintivamente llo reconoce, síntese innatamente levada ao respeito diante d'elas, proba de qu'a superioridade do sangue, é unha verdadeira superioridade real e positiva, descansa n-algo certo, n-algo cuia evidenza non pode ser destruída, á pesares de tanto contra d'ela se poida discurrir, escribir e falar. Porque é unha superioridade d'orde vital. En troques a do diñeiro, non; a do diñeiro polo geral, alrita e alporiza á gente, cuio istinto revólvese de cote contra dos señores improvisados, contra dos novos ricos, contra dos que non eran ninguén, e somentes por teren ganado cartos se convirten logo en persoas. O noso pobo galego ten pra iles unha expresión despeitiva caraterística; *señores d'onte pr'acá*. En todos los, a sátira asánfase co-iles. Por algo é isto.

Crar'está que no novo mundo do negocio e da industria, atópanse homes de verdadeiro valor vital: grandes criadores d'empresas, *prometers*, capitás d'industria, grandes manipuladores d'homes e de millós, que poden ser postos en comparanza cos grandes héroes, cos fundadores de pobos, cos polítecos de genio. Spengler ergueu coma representativo do noso tempo e do futuro próximo, o tipo de Cecil Rhodes, com'unha das grandes figuras representativas da historia. Cambó asegura qu'o que más s'asemella á un gran gobernante, é o gerente d'unha gran empresa. Non embargante, adentro da nosa cultura polo menos, ningunha aitividade d'orde económica, por ergueita que seña, se considera coma nobre.

Os héroes dos contos das Mil e Unha Noites son moitas veces mercaderes. Sindbad o Mariño é un mercader. Non pode acontecer outro tanto n-unha novela, n-un poema occidental. O comercio e a industria son pra nós o más antipoético que se poida concebir. Ademais, en Sindbad e nos mercaderes das Mil e Unha Noites, eisiste un elemento heroiaco e poético de primeira forza: as grandes

viages por mar á terras lonjanas, misteriosas e cheas de maravillas; as arriscadas travesías polo deserto, os assaltos das bandas de ladróns, os naufragios... Mais tamén había iste elemento na vida dos antigos mercaderes venecianos, genoveses, portugueses flamengos. Non nos de hoxe; a ave Roc non ha vir precurar no seu comptoir ou no seu mostrador aos nosos potentes industriais e comerciantes.

E mais así e todo, algo diferente houbera podido acontecer eiqui, n-Alemaña. Foron sen dúvida os fidalgos ingreses os primeiros que s'arriscaron á metérente nos negocios; mais foi Alemaña a primeira que tivo verdadeiras dinastias comerciais e industriais, semellantes ás casas nobres, e seguidoras d'un estilo moral, d'unha norma distinguida de conduta superior, semellante ao estilo cabaleiresco, á regla da conducta fidalga. Emporio, non chegaron á acadar rango épico. O diñeiro non é poético nem é popular.

D'iste xeito, a clás capitalista, acosada polo marxismo, non atopa simpatía en ningures. Os nobres desposeidos, dislocados, deixados en segundo rango; os intelectuás vendo runfar aos que non saben, ficando iles na más modesta condición; o resto da clás meia malvivindo namentres algúns ruben ao cume do poder e da opulencia; toda esta gente sintese no fondo da y-alma vingada polo insurrección das masas traballadoras.

Logo, qu'a congestión capitalista é un mal que non ten más compensación que producir ou ajudar a producir outros males: grande industria, maquinismo, superproducción, standardización, urbanismo, vilas tentaculares, cosmopolitismo, esprontación das colonias, total-as mostruosidades que nos trouxeron, co a crise actual, ao esborrallamento das sociedades modernas arruinadas na megalómoma, babélica e tola aventura centífeico-industrial, da que o americanismo de qu'enantes falamos é, en Norteamérica, e n-Alemaña, con Ford e con Stinnes, cifra e resume. É o aspeuto material da nova Torre de Babel, qu'a incorregible soberbia dos homes quixo erguer, e que de novo cai, no meio do más tristeiro ridículo —o ridículo infinito de todo o que s'opón á Deus, coma dixo León Bloy — e no meio da confusión,

esta vez non das linguas, senón, o que é pior, dos entendementos.

O que vai dito esprica d'abondo o trunfo do marxismo, mais non justifica o marxismo. Houbo un tempo no que coidei que, ao menos a critica do capitalismo era unha cousa atinada en Marx. Hoxe vexo que non ainda iso está ben. Porque ademais, veleiqui o erro máis tremendo da gente: a gente pensa qu'o marxismo en todal-as suas derivacíos —socialismo, sindicalismo, comunismo— é oposto ao capitalismo, nemigo do capital. E non hai trabucamento semellante. Marx e todol-os seus seguidores defenden o capitalismo, anque coiden o contrario. O comunismo marxista —e o sindicalismo tamén— conserva intéiramente o sistema de produción capitalista, a concentración, o sistema de fráctica, o maquinismo, a produción en serie, a industrialización á ultranza, etcétera, etc. En esencia, o capital —entendido en senso marxista— non desaparez co comunismo; pola contra, sigue producindo a *plus-valía* —a tan soada *plus-valía*— pois já os teóricos do marxismo coidan ben de preveraos aos seus adeutos de que no sistema comunista, non ha recibir cada un o produto integral do seu traballo, senón qu'unha parte —que ven ser a *plus-valía* do sistema capitalista— tense qu'empregar no milloramento da produción. De modo e de maneira qu'o sistema ven ser inteiramente o mesmo, sómentes que o capital —meios de produción más parte da plus-valía— mudará de dono: en lugar de ser dos capitalistas, será da colectividade, ou coma se dixéramos, de ningúen. Os obreiros seguirán sendo tan obreiros coma hoxe.

O marxismo, fundado asegrín presumen na filosofía de Hegel —de Hegel o filosofastro, coma lle chamou Schopenhauer— cunha base psicolóxica esencialmente negativa —a genreira, a enveja, o odio do *tchandála*, non por espricable e case justificado, menos odio, menos enveja, menos genreira; é dicir menos sentimientos negativos— resulta necesariamente incapaz de creación. Non lle vemos en Rusia criar nada novo, senón acometer co plan quinquenal, empresas industriais en grande escala, coma fai o capitalismo.

Ademais, o marxismo entrebreceu o mundo moderno. Matou a ledicia de vivir. Coma se vai sentir ledo da vida, o que leva adentro da y-alma, a latexar en todol-os instantes, un fondo sentimento de genreira e d'enveja, alumeado por unha filosofía materialista, fatalista e matemática, que lle tira todo consolo, que ll'afoga todo pulo espiritual? O marxismo, a doutriña más tristeira, más moura qu'endejamais s'inventou no mundo, fixo infinitamente disgraciadas á unha chea de geracíos, qu'agardarán cuspindo fel á que chegue o *dies irae* do proletariado, e que, se trunfan, agardarán ainda inútilmente, co-a y-alma envenenada de carrage, o adventimento do paraíso terrestre que non ha chegar endejamais. A min danme moita pena istos obreiros mozos, no millor da vida, qu'atopo no Stadtbahn leendo no *Vorwaerts* ou *Der rote Fahne*. Levan o entrecello enrugado pola ideia fixa, e non abre un sorriso os seus beiros bermellos de rapaces sans e bons. Mordeu aos probes o verme do desespero qu'é o contido da doutriña de Marx.

(Continuaráse)

## NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta

Trasladou os seus talleres e oficiñas á:

RUA DO VILAR, 15.—SANTIAGO

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## O QUE SE DÍ D'ALGÚS ANIMAES NO AUNTAMENTO DE MONTERROSO (LUGO)

**C**omo xa lle dixen noutro traballo de Folklore que fai un ano lle dei, Monterroso é unha vila (dende logo é coñecida por vostede, pois xa lin «Pelerinaxes I», en donde locen os seus dibuxos d'ista terra. En nome de todo o pobo resciba as mais eispresivas grazas) encachinada n'un montouto, e regada pol-o río Ulla, (nasce na Illa).

N'estes paraxes murriños goberna o tétrico silenzio coma s'os veciños estivesen nunha eirexa, formando isto irmáns co brumoso aspeuto do ceo, os coales lle impoñen ó pobo ullao unha soledade lugubre. O meu pobo é unha xenuina representación da sangre celta, un anaco máis de terra rexida pol-as leis da tradición. Todo coñecimento centífecho considerano probe a carón dos linderos da tradición, ó par que as bandadas de «chés» van invadindo iste territorio, imponendo as suas descabeladas costumes e lingüaxe.

Na actualidade o amore a Galicia resalta con afincos, i-as ideas galeguistas deixaron eco n'estes pobos, que queren redimir a nosa Galicia, das escravitudes que sofrui sempre.

### I.—O CUCU

Empezaré esquibindo do animal máis vaña que creou Deus. Aquel qu'aparece na primaveira cando todo ole ben e frorece, n'istas circunstancias canta ca sua verba queixosa e repousada, dándolle a coñecer ós labregos o bó tempo que lles espera; canta e canta... pero xa cán as follas dos arbres, fai frio, o cuco marcha, ¿pr'onde? Uns din que s'esconden nas carballeiras e que forxan ali o seu niño d'inverno, outros, os más, din qu'emigran pr'autras terras más quentes, e que logo os mesmos que se criaron nesta terra volven no brau a gostar do noso crima.

O cuco é un animal que poucas veces s'aduña, e cando o fai, locén n'el un coor branco por debaixo, no dorso o cór cinza. Ten moita picardía, pois sencilamente entra ca os seus compañeiros.

A femia non fai nada, nin siquera o niño. Non pode chocar os ovos, según dí a xente, debido a co seu peito non trasmite a quentura suficiente pra abril-los ovos. Iste deixaos n'algúns niños (non en todos, com'a nos das codornices, perdices i-outros) pol-o xeral no dos esquibientes, ainda que non coñecen o réximen d'alimentación dos que van ser'os donos do ovo, pois fano seica incoscentemente. Póden os ovos más pequenos c'os da perdiz, qu'en rigor deberian ser com'eles.

Din co cuco ten o seu orixe na rula. Aquel que olla cantal-o cuco dinantes d'almorzar augúrralle moitos anos de vida e gran sorte. Nos beizos das mociñas saien por veces istos versos, cecáis d'algún poeta coñecido.

Eu ven vin estal-o cuco  
Na cima d'un castiñeiro  
Cunha subela na man  
Aprendendo a zapateiro.

Son da opinión do cuco  
Paxaro qu'en xamais cria  
Pon o ovo en nido axeno  
I-outro paxaro o cria.

### II.—«O CORVO»

Sabido é co corvo e negro com'a sotana d'un crego; persoaxe independente, moi amante da soledade, pol o que ven a remendar unha das características principais que discriminan os hispanoamericanos n'iste século: o individualismo. Fai o corvo o seu niño na cima dos arbres, xeralmente nos pinos bravos, e fórmano de garabullos, herbas secas, raíces

ñas... O niño é grande como o das pitas, sirvendo un soilo pra vareas famileas, os ovos son azues con pintiñas roxas. Son moi nuggallos pra crrialos fillos, pois somentes dous cinco ovos que poñen cría, na maoria dos casos, dous ou tres. Teñen unha vista formidabre, i-o olfato n'eles está moi desarrollado, tanto é eisi que por ben lexos que esté a carniza ali se presentan disputándolle os cás o cheiroso penso: d'eiquí que teñan esa cheirume carauterística, que fai que leve a sona do animal más porco.

A falta de carniza lánzase a carne viva, e eisi resulta que moitos animallos morren victimas d'iste paxaro, ó tempo que nos cuarrales tamén fai a sua, levando baixo a sona do zorro, algúns exemplares de pitos. É un dos animaes más odeados pol-a xente, e o seu coor infeuto, i-a sua voracidade, son unha das barreiras pra que nin os cazadores lle valga a pena tirarlos un tiro, porque a sua carne non'a come naide.

### III.—«O PORCO»

Abondan por'istas terras vareas crás de porcos; pero a que ten meirande representación e o «chino», porco de perna pequena e moi rufo («gordo»); tamén hai outra raza ei. qui, chamada «do país», a coal cruzan coa anterior co ouxeto de quitar outra raza más abundante en carne e más forte, pois os «chinos» enferman moi facilmente. Drento d'istas razas carauterísticas, discriminanse vareos tipos, qu'están acordes coas dimensións do animal: Resciben o nome de porcos de cría, castizos, leitós, vacarotes da fruxa e da ceba. As porcas da cría son escolleitas entras mellores; crían xeralmente de 6 a 7 niñadas, sendo dimpois bós exemplares pra ceba. Os *castizos* son os destinados a conserval-a especie, e somentes hay un ou dous en cada lugar escollense, o igoal c'as porcas, os mellores, e teñen unha vida de dous a tres anos, levando o mesmo fin c'as porcas. Os *leitós* ou da niñada, son levados a feira n'un carro xuntamente coa nai, en donde os compran os «tratantes» a bos preceos, quedándose o labregos cos mellores exemplares pras suas necesidades; matanse un ou dous d'istes porcos, nas boas casas, pra pasal-o Antro-

do. Os *vacarotes*, son porcos de mediana estatura, destinados pra ceba, e nas casas donde lle sobra (dimpois de cobrir as suas necesidades) algún d'istes porcos vendeno na feira, pero ja no nos levan os «tratantes», senón cos mercan os labregos que tiveron a mala sorte de quedar sen eles. Aqui todos ceban; os vacarotes métense ó cortello (ou sexa escoméntanze a cebar) aló pol-o mes d'autono e matanse en Navidades ou Reises. Os da *fruxa* son os mesmos vacarotes que por non estaren bastante gordos quedan pro ano seguinte.

**A CEBADA.**—Como ja levamos dito, destinanse pra ceba unha ou duas porcas, dous ou tres vacarotes, i o porco da fruxa, qu'en dexamais pasa d'un: ista prosa varia según a alcurnia das casas. Dendo o momento en que istos animaes se meten no cortello non volven sair d'il hasta o «dia da matanza». Varia o seu réxime d'alimentación con respecto os demás, así teñen o *desaño* que non é más c'unha caldeireta de navos cocidos, os coales se lle mestura duas presas de farelo para cada dous porcos; ó *jantar* e igoal co almorzo, somentres que leva a maores unha caldeira pequena de patacas cocidas; a *merenda* ia *céa* da mesma carabela ca no almorzo; e finalmente a *sobrecéa* que consiste nunha farta de castañas ou millo cocido.

Ja chegaron as navidás, e coelas a alegria dos nosos homes, ien troques a fatalidade de istos animaes. Longa e a ringleira que de porcos sangran os matos. Iste son moi buscados; eiqui temos o Lamazares, lo Julio d'Agustín, diestros no oficio,

Poi a mañán, dinantes de sair o Sol, xúntase na casa donde se ha de facer a matanza, o «Sangrador», outros dos ou tres homes e mulleres, que se desaúnan xeralmente con pan, queixo i-unhas copas d'augardente; eis dispuestos, vanse dreitos ó cubil, collendo o primeiro porco que se presenta, pra leval-o o banco de sangralos, dand'o probe do animal berra con tanta forza qu'esperta a todol os veciños; as mulleres recollen a sangre remejéndoa ben pra que non se tralle e dimpois de que sangrou tod'a que tiña, métellesse ó porco un anaco de cebola, pol a ferida que lle fixo o coitelo, e tamén se lle mete dous

dentes d'allo nos fociños. Feita esta operazón con todolos do cubil, pásase d'eiqui a chamuscalos, xa seja con palla ou fieitos secos, e dimpois fréganse c'unha tella e váise-lles botando por riba auga moi quente con fin de labalos ben; o matón co coitelo de sangrar dalles o último toque ós porcos. Entón e cando se procede a abrilos, pra quitarllas as tripas causa que fai dimpois de poñerllas o chamberil nos tendos das «pernas» d'atrás, co fin de colgalo. As tripas desenlizanás as mulleres, pra labalas no río; o figado e costume picalo pra o xantar; o líviao pros chourizos de cebola; as vinchas dimpois de hinchadas, cólganse ó fume pra destíñalas o que mellor conveña.

Sigamos as operazós do «matachín». Dimpois de quitarlle o unto ó porco manda poner eixiña un ferro ó lume, co ouxeto de darrle a forma ó unto, xeralmente redonda. Termiñadas estas faenas pónense a comel-o xantar, que na maoria das casas é media festa, e dura hastra cerca das 5 da tarde, naméntras as mulleres vanse pro río labal-as tripas. Os homes dánllel a última volta ós

porcos, poniéndolle un guizo no meio da barriga pra qu'estén más abertos ó partil os. O dia siguiente á tarde, volve outra vez o matón que axudado somentes polos da casa escomenzan a partil-los, sacándolle as frebas que logo han de servire pra facellos chourizos e demás partes do animal. Ven logo a operazón chamada de «salgar», qu'é unha das más difíceis pois d'ela depende a conservazón do porco: naide salga por eiqui en lúa crecente, pois din que cria «careixas» a carne, senón que mátase e sálgase sempre «entre lúas», por amore o das «careixas». A carne bota no baño uns 15 días, e levántase condo veña un dia d'aire do lado d'enriba (N).

Dinantes cortábanse as frebas con coiteiros, per'oxe na maoria das casas utilizase unha máquena especial. A «zorza» consiste na xuntanza das frebas, sal, pimento, auga, etc. o coal se deixa pra que se sazone uns dous ou tres días facendo logo os chourizos

(Continuaráse)

AMADEO VARELA RODRÍGUEZ.

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

COLMEIRO, PINTOR, EN LUGO.

**O**LLÓU Lugo istes días derradeiros a esnitude e a limpeza da pintura de Manuel Colmeiro. Pintura que se eisprica por sí misma, con calidades do tempo da luz, da sombra e da gracia. Colmeiro, pintor galego. Agora vai a Bilbao a eispor. Crara e total representación do noso arte actual.

EIROA, ESCULTOR, EN VIGO

**E**IROA Barral, o novo escultor galego, eispuxo en Vigo. O senso estrito —reto, direito e puro— da escultura de Eiroa impón a todos unha convicción. Non hai suma nin resta posible na sua obra. É, pura e sempre, escultura.

PAPEL DE COLOR. Números 1, 2 e 3.

**A**editorial «UN» do Este Galego que dirixe o poeta Alvaro Cunqueiro pubricou tres papés de poesía. Unha lembranza anti-litú-

xica no anal terceiro de Manuel Antonio no número 1. Poemas de Yglesia Alvariño e Carballo Calero nos números 2 e 3.

RESOL número 7.—Dedicado a Portugal.

**C**o gallo da semán galego portuguesa de Vigo, «Resol» pubricou un número con poesías de Guerra Junqueiro, Eugenio de Castro, Teixeira de Pascoaes, Antonio Patriarca, Ribeiro Couto, Gil Vicente, Lourenzo Joglar, Almeida Garret, Mezquita da Cármen, Bocage, Antero de Quental, Emilio Moura, Rei Don Diniz, e cantigas populares. «Resol» é unha veleta sin sono, e abonda.

UNIVERSITARIOS. n.º 2.

**O**s estudantes da F. U. E. compostelán teñen pubricado un segundo número da sua revista. Revista con ar de universalidade. Orixinás en galego e castelán. Prosa e

verso. Literatura e política universitaria. Inquedanza e orientación pol-a cultura vernácula. I-en todo unha preocupación por resolver os problemas universitarios nun ambiente de galeguidade e de galeguización.

«Universitarios» ben presentada e ben escrita, sinala un matiz novo e un novo guieiro na marcha ascendente dos estudantes composteláns polos roteiros da cultura autóctona.

#### VERBAS ÓS MOZOS GALEGOS. O MOMENTO UNIVERSITARIO. CONFERENCIA POR ALVARO DE LAS CASAS.

**R**ECIBIMOS un exemplar da admirabre conferencia dita polo Prof. Alvaro de las Casas no Paraninfo da nosa Universidade, da qual xa temos feito un estraito n-istas mesmas columnas. D'un xeito mañísco, en que se convixugan a elegancia literaria e a exposición doctrinal do que ten de ser a Universidade galega, ven ista edición cuidada e pulcra, en intres de gran trascendencia pró porvir da propia cultura. Coidamos ser ista disertación unha visión acabada e real do presente decorrer da Universidade compostelán así como unha xusta e propicia invitación á mocedad na laboura de erguemento dos valores nacionais.

#### CENTENARIO DE MURGUÍA

**C**ON motivo de se celebrar no presente, o centésimo anal do nacemento de Murguía, ténense organizado aitos en toda Galicia pra sua conmemoración. Adicación por banda dos profesores de todol os centros docentes da nación, d'unha lección no dia do nacemento como homaxe ó chorado mestre. O tomo VI de Arquivos, editado polo Seminario, e o número da revista NÓS, correspondente ó mes de maio, son entre outros, os motivos pra festexar o centésimo anal do nacemento do esgrevio precursor.—R.

#### DIE LANDWIRTSCHAFTLICHEN GERÄTE IM OSTEN DER PRO- VINZ LUGO (SPANIEN) por Walter Ebeling Extracto de *Wolkstum und Kultur der Romänen*, Hamburgo.

**I**STE notabilismo traballo conten unha parte do estudo da cultura popular —a referente aos trebellos e ferramentas de labranza— da parte oriental da provincia de Lugo, partidos de Becerreá e Fonsagrada, estudiados polo A. nos vras de 1928 e 1929. Por certo que

#### NÓS

n-ise tempo levou pra o Museum für Völkerkunde de Hamburgo, unha colleita de máis de 200 oujetos, ou seja, coma nona ten aínda, en trebellos e ferramentas, o Museu do Seminario d'Estudos Galegos.

O contido do traballo é o seguinte: 1. A corza; 2. O carro; 3. O jugo; 4. O arado; 5. A grade; 6. O angazo; 7. As fouces; 8. A gadaña; 9. Os sachos; 10. As forcadas; 11. O mallo. O A. discípulo de Krüger e Thilenius é a un tempo folklorista e dialectólogo, e o seu inquérito, endereitado asegún as normas da escola románica da Universidade hamburquesa, dos traballos de Krüger, encol da cultura de Sanabria, e da revista *Wörter und Sächen*, de Neringer, recolle a un tempo a verba co-a cosa, e estuda a fala conjuntamente co-a usanza. Cada verba vendada en escritura fonética co-a sua equivalencia alemá, ou espriadeira, moitas veces co-a castelán, sempre que é preciso co-a sua derivación etimológica latina, e con to-dal-as variantes que se poideron recoller. D'este xeito, por exemplo, a nomenclatura do carro está apurada deixa o último, e coello a sua estrutura e sistema de construcción, e os tipos diversos. En troques, é un estudo puramente analítico dos oujetos estatísticamente considerados, delimitados geográficamente e miuciosamente descritos, anque non estean presentados en acción, nem en relación coas diversas incidencias da vida labrega.

Nais n-isto, o traballo é perfeitamente fiel ao seu titolo e ao seu fito. É o tipo mesmo dos traballos de Krüger, cinguidos, no estudo da cultura material, aos oujetos e aos seus nomes.

O traballo do Dr. Ebeling é d'unha importancia ben grande pra nós, por dous conceitos diferentes: polo seu contido, que nos dá notizas d'unha terra que nós non temos científicamente esprorada —en conjunto, nos trebellos de labranza, no carro, e no xugo, semellante á de Melide— polo que nos dá moito traballo feito; e logo coma modelo pra orientarnos o milloramento dos nosos inquéritos, os quales adocean polo común polo parte das verbas, de que nós temos non sómente escasa recolleita, más a que hai, moitas está sen pôr en notación fonética, o qual tiralle moito valor. A nosa probeza n-iste asunto notase ben cand'un coñece os diccionarios galegos utilizados por Ebeling— Cubeiro, Valladares, Carré, e o incompresto da Academia Galega. Agardamos que isto sirva d'exemplo aos que d'agora pra diante emprendan eiqui inquéritos d'esta clás, dos que já temos algúns valedeiros, anque coxos no que as verbas se refire. V. R.



## A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meicinás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
ÚNICO EN EL MUNDO

1pta  
PASTILLA



TELLO



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro

1000

MERQUE VOSTE DE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.

VENDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

**Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo**  
**Santiago de Galicia**

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer qu'os seus fotogradados sexan o mais perfeito posibles, convenile envialos aos  
Talleres de fotograulado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

**NÓS**

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
HORTAS, 20 SANTIAGO